



Animación á lectura e contacontos

Neste ano 2010 faremos un programa de actividades anual, no que incluiremos as que se realizan antes e despois do verán.

Serán sempre os xoves á tarde, pero como quixemos traer a tantos contadores, actores, titiriteiros, músicos e creadores de todo tipo, unhas veces serán xoves seguidos e outras alternos.

Fixádevos moito nas idades dos destinatarios e nos horarios.

Tede en conta tamén que na propia semana da actuación é necesario que retiredes unha tarxeta de invitación a partir do luns. Entregaranse por estricta orde de chegada.

11 de marzo ás 19.00 h. Contacontos. INÉS CUADRADO. "Sombras e cores"
Animación á lectura a través de relatos de contos e lendas con sombras chinesas, coa participación dos cativ@s.

18 de marzo ás 19.00 h. Contacontos. TARABELLOS. "Aque cheiran os contos?"
Contacontos con narración ilustrada, utilizando monicreques, teatro de sombras, máscaras, escenarios e outras técnicas teatrais.

25 de marzo ás 19.00 h. Contacontos. COMPAÑÍA DO TRINKE. "A viaxe espacial dos ratos de biblioteca"
Os ratos da biblioteca contan a aventura da que acaban de regresar e lémbrañlles aos nen@s as normas de funcionamento da Biblioteca.

8 de abril ás 19.00 h. Contacontos. OS CONTOS DE PABLÍSIMO. "Os contos de Pablísimo"
O contador Pablísimo narrará co seu peculiar estilo diversas historias acompañado de obxectos, sons e xestos.

22 de abril ás 18.30 h. Obradoiro. BABALUVA TEATRO. "Contaconto con monicreques"
Para nen@s maiores de 5 anos. Aforo limitado a 20 participantes.
Obradoiro coordinado por unha monitora de teatro e outra de artes plásticas co obxectivo de que os participantes elaboren un pequeno espectáculo de monicreques.

29 de abril ás 19.00 h. Contacontos. FÁTIMA FERNÁNDEZ. "Un soño de contos"
Contos interactivos adaptados ao público, buscando a máxima participación.

6 de maio ás 19.00 h. Contacontos. FRAN INSUA. "Cómo dar a volta ao mundo sen saír do teu barrio"
O contador explicará cómo hai uns días coñeceu a unha rapaza chamada Madlenka que lle contou cómo dar a volta ao mundo sen saír do barrio.

20 de maio ás 19.00 h. Obradoiro. TEATRO BURATINI. "A biblioteca imaxinaria"
Para nen@s maiores de 6 anos. Aforo limitado a 20 participantes.
Obradoiro de creación literaria no que se utilizarán diversas técnicas para conseguir que cada nen@ participante cree a liña argumental da súa propia historia ou conto: o cofre do tesouro, o binomio fantástico,...

27 de maio ás 18.00 h. Contacontos. CHARO PITA. "Fábulas no berce"
Para nen@s de 0 a 3 anos acompañados polos seus pais. Aforo limitado a 20 participantes.
A través de relatos sinxelos, ritmos e cancións introducirase aos máis pequenos no universo das palabras.

3 de xuño ás 19.00 h. Contacontos. MIGALLAS TEATRO. "Conta Contos"
Os contos tradicionais ou de creación de María dos Contos tratan cuestións moi próximas aos nen@s e teñen como finalidade, ademais de entreter e divertir, achegar elementos importantes da nosa cultura.

17 de xuño ás 18.30 h. Obradoiro. JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO. "Obradoiro de banda deseñada"
Para nenos maiores de 6 anos. Aforo limitado a 20 participantes.
Neste obradoiro repasaranse algúns dos elementos da linguaxe do "cómic" e poñeranse en práctica eses elementos debuxando unha páxina.

24 de xuño ás 18.30 h. Obradoiro. MARISA IRIMIA co músico JUAN CARLOS VÁZQUEZ "Obradoiro conto-musical"
Para nen@s maiores de 7 anos. Aforo limitado a 30 participantes.
Empregaranse recursos plástico-sonoros para a elaboración dun sinxelo conto con música.

30 de setembro ás 19.00 h. Contacontos. FÁTIMA FERNÁNDEZ. "Contos de galiñas e galos"
Narración dun conto seguido dunha actividade relacionada con el.

14 de outubro ás 19.00 h. Contacontos. SANTI PREGO. "Contos da lúa"
Empregaranse bonecos para contar os contos: en total dous ou tres con participación dos nen@s e dous ou tres contos narrados.

21 de outubro ás 19.00 h. Obradoiro. RAMÓN CARIDE OGANDO. "Cómo se escribe un libro"
Para nen@s maiores de 7 anos. Aforo limitado a 20 participantes.
Neste obradoiro explícase de xeito práctico o proceso creativo dun libro de ficción, de prosa ou poesía, procurando que os participantes elaboren os seus propios textos partindo da idea inicial, a documentación, o plan de traballo, a redacción, os borradores, a corrección...

28 de outubro ás 19.00 h. Contacontos. PAVIS-PAVOS. "Sesión de contacontos para a infancia"
Narración de contos tratando de recuperar a oralidade e a figura do contador tradicional e incluíndo tamén contos de creación propia.

11 de novembro ás 19.00 h. Contacontos. FÁTIMA FERNÁNDEZ. "O segredo do rei"
Contos interactivos adaptados ao público, buscando a máxima participación.

18 de novembro ás 19.00 h. Obradoiro. SANTIAGO GUTIÉRREZ. "Taller de debuxo e cómic"
Para nen@s maiores de 7 anos. Aforo limitado a 20 participantes.
Neste obradoiro de debuxo indicarase cómo ilustrar un conto infantil ou un cómic: guión, composición das páxinas, planos, onomatopeas, narrativa secuencial... Faranse divertidos exercicios para os rapaces.

25 de novembro ás 19.00 h. Contacontos. AS MARÍAS. "A amizade é o mellor tesouro"
A historia deste conto ocorre nun bosque onde todos os animais son bos amigos e compañeiros ata que aparecen a envexa e a vergoña...

2 de decembro ás 19.00 h. Obradoiro. XOÁN NEIRA LÓPEZ. "Iniciación á poesía"
Para nenos maiores de 7 anos. Aforo limitado a 30 participantes.
O obradoiro constará dunha charla de iniciación á poesía no que se farán xogos lingüísticos, acrósticos, caligramas, palíndromos, anagramas e se xogará co ritmo e a rima na poesía.

9 de decembro ás 18.30 h. Obradoiro. FÁTIMA FERNÁNDEZ. "O desexo da lúa"
Para nen@s maiores de 5 anos. Aforo limitado a 20 participantes.
A partir dun conto, cada neno realizará unha páxina do libro dos desexos da lúa.

DESTINATARI@S:
As actividades de contacontos están dirixidas a nenos/as de idades comprendidas entre os 3 e 12 anos e unha delas a bebés de 0 a 3 anos.
Nos obradoiros indicase a idade recomendada en cada un deles.